# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 27016200 | IES Poeta Díaz Castro | Guitiriz | 2024/2025 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Xeografía e historia | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 16 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 17 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 18 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 18 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 19 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 20 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 20 |
| 7.2. Actividades complementarias | 21 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 22 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 23 |
| 9. Outros apartados | 23 |

## 1. Introdución

A área de Xeografía e Historia contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir a través do tempo e o espazo, e a análise do cambio como resultado da acción humana implica concibir a aprendizaxe dos estudantes como invitación ao autocoñecemento. O compromiso social de vivir en sociedade, interactuar na contorna e comprender como son estas relacións e as normas de funcionamento que os rexen son aspectos fundamentais para que os alumnos poidan asumir os seus dereitos e responsabilidades, exercer a cidadanía e orientar aos seus membros.
Vincúlase e continúa co proceso de desenvolvemento de competencias na área de Ciencias Sociais da educación primaria, pero agora préstase especial atención á Xeografía e á Historia, debido ao seu carácter comprensivo, global e integrador e á súa vinculación con outras ciencias sociais, o que lle permite contribuír ao logro de obxectivos e competencias que marcan o perfil de saída dos estudantes ao finalizar a educación básica.

A área está organizada en tres bloques:
* Retos do mundo actual.
* Sociedades e territorios.
* Compromiso cívico e global.

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o relevo, a hidrografía, o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.
O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar, con especial énfase, os contidos relacionados coa arte e o patrimonio.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos. | 2-3 | | 4 | 1-2 | | 1 | | |
| OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común. | 1-2 | | | 2 | | 1-3 | 3 | 3 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable. | | | 3-4-5 | | 3 | 3-4 | 1 | 1 |
| OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable. | | | | | 2 | 1-2-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social. | 5 | | | | | 1-2 | | 1 |
| OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade. | 5 | | | | 3 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. | | 3 | | | 1 | 1-2-3 | | 1 |
| OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna. | | | 5 | 4 | 2-5 | 1-2-3 | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto. | 2 | | | | | 1-2-3-4 | 1 | 1 |

**Descrición:**

## 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN | Analizarase como se estuda o planeta Terra dende un punto de vista xeográfico, poñendo de releve a trascendencia do desenvolvemento das novas tecnoloxías para o mellor coñecemento do nos planeta e para a mellora da nosa vida cotiá. | 12 | 15 | X | | |
| 2 | O RELEVO TERRESTRE E AS AUGAS. ESTUDO DOS CONTINENTES. | Estudarase como se forman e como se transforman as unidades do relevo e como estas facilitan ou dificultan o desenvolvemento da vida.<br>Analizarase a distribución da auga na Terra e farase fincape na súa importancia para o desenvolvemento da vida. | 20 | 20 | X | | |
| 3 | O CLIMA E AS PAISAXES NATURAIS. O IMPACTO HUMANO SOBRE O MEDIO NATURAL | Analizarase a influencia do tempo e o clima nas distintas paisaxes da Terra.<br>Tratarase a problemática do cambio climático e reflexionarase sobre a necesidade de tomar medidas urxentes para frealo. | 18 | 18 | | X | |
| 4 | DA PREHISTORIA ÁS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS | Farase fincapé na importancia das fontes históricas para reconstruir o pasado.<br>Analizarse a medición do tempo histórico e a periodización das idades da historia.<br>Analizarase o proceso de hominización.<br>Comprenderase que a evolución dos seres humanos na prehistoria estivo directamente relacionada co desenvolvemento tecnolóxico.<br>Analizarase como a invención da escritura transformou a organización e a forma de vida das sociedades. | 18 | 18 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 4 | DA PREHISTORIA ÁS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS | Analizarase como era a forma de vida en Mesopotamia e en Exipto. | 18 | 18 | | X | |
| 5 | A CIVILIZACIÓN GREGA | Estudaranse os trazos básicos da civilización grega e a súa influencia no mundo actual. | 16 | 17 | | | X |
| 6 | A CIVILIZACIÓN ROMANA | Analizaranse as principais características da civilización romana e o legado que recibimos dela. | 16 | 17 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas. | PE | 50 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Sabe elaborar planos e mapas simples. | TI | 50 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográficas. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | É capaz de interpretar e expoñer a información básica contida nun mapa. | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Coñece varias accións de defensa da contorna. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| **Contidos** |
|---|
| - Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| **UD** | **Título da UD** | **Duración** |
|---|---|---|
| 2 | O RELEVO TERRESTRE E AS AUGAS. ESTUDO DOS CONTINENTES. | 20 |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Define suficientemente conceptos relacionados co relevo e coa hidrografía.<br>Identifica os axentes internos que interveñen na formación do relevo.<br>Explica suficientemente as fases fases nas que os factores externos modifican a paisaxe. | PE | 50 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Localiza, en mapas físicos, os principias elementos e referencias físicas dos continentes, de España e de Galicia: mares, océanos, illas, arquipélagos, cabos, golfos, unidades do relevo, ríos e lagos. | TI | 50 |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sintetiza as ideas principais en forma de esquema ou mapa conceptual.<br>Elabora cadros-resumo de cada un dos continentes sobre as principias unidades do relevo, mares, ríos e lagos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| **Contidos** |
|---|
| - Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia. |

| Contidos |
| --- |
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | O CLIMA E AS PAISAXES NATURAIS. O IMPACTO HUMANO SOBRE O MEDIO NATURAL | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles. | Entende algún dos riscos do cambio climático.<br>Identifica varios efectos do impacto da actividade humana sobre a súa contorna | PE | 50 |
| CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas. | Define conceptos relacionado co tempo e o clima.<br>Explica os elementos e factores que contribúen á diversidade climática no planeta.<br>Coñece os principais climas da Terra.<br>Establece relacións entre o relevo, o clima e as paisaxes naturais. | | |
| CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes. | Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais. | | |
| CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles | Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática. | | |
| CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos a que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Propón medidas para paliar os efectos do impacto humano sobre o medio natural. | TI | 50 |
| CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Clasifica e localiza nun mapa os distintos tipos de clima de cada un dos continentes. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Elabora e expón unha presentación sobre un dos 17 ODS. | | |
| CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Elabora e interpreta climogramas. | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Coñece o concepto de cambio climático. | | |
| CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais. | Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros | | |
| CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflictan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos. | Propón medidas de alcance persoal para paliar a emerxencia climática | | |
| CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal. | Explica con exemplos como repercute unha xestión sostible da paisaxe na sociedade que habita nese lugar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.<br>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.<br>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. |

| Contidos |
|---|
| - Lectura crítica de información.<br>- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | DA PREHISTORIA ÁS PRIMEIRAS CIVILIZACIÓNS | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Interpreta unha liña do tempo simple. | PE | 50 |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Identifica as etapas da prehistoria e os feitos máis destacados de cada unha delas. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Identifica as primeiras civilizacións e os seus enclaves xeográficos.<br>Describe a organización socio-económica e política de Mesopotamia e de Exipto. | | |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Distingue os principais ferramentas líticas da prehistoria. | TI | 50 |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | A través do traballo sobre textos distingue como acientíficas as teorías creacionistas. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Elabora esquemas e/ou mapas conceptuales sobre os contidos da unidade didáctica. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Analiza textos relacionados coa vida cotiá na primeiras civilizacións. | | |
| CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos. | Amosa actitudes respetuosas cara a diversidade social e cultural e de rexeitamento cara comportamentos discriminatorios baseados en estereotipos. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Valora a situación da muller en Mesopotamia e en Exipto. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Valora o legado material exipcio. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Obxectivos de desenvolvemento sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.<br>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da xeografía e da historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.<br>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.<br>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. |

| Contidos |
| --- |
| - Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | A CIVILIZACIÓN GREGA | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e do recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable. | Entende a importancia de Grecia para o desarrollo da democracia como sistema político | PE | 50 |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas simples sobre textos históricos. | | |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Describe as características básicas da Hélade. | | |
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sintetiza e organiza as ideas principais en forma de esquema ou mapa conceptual. | TI | 50 |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo.<br>Elabora un mapa do Imperio de Alexandre Magno e é capaz de explicalo suficientemente. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Identifica e describe distintos trazos da orixe e da evolución da organización sociopolítica e económica dos polis gregas a partir de diferentes tipos de fontes históricas. | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Identifica na cultura europea actual algún trazo da civilización grega. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Valora de forma crítica a situación da muller na antigua Grecia. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Valora o legado da civilización grega como fonte fundamental para reconstruir o noso pasado e que, polo tanto, compre conservar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Sociedade do coñecemento. Introdución aos obxectivos e estratexias das ciencias sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.<br>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural. |

| Contidos |
|---|
| - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural.<br>- Seguridade viaria e mobilidade segura, saudable e sustentable. O espazo público. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | A CIVILIZACIÓN ROMANA | 17 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado. | Sintetiza e organiza as ideas principais en forma de esquema ou mapa conceptual.<br>Elabora unha liña do tempo. | PE | 50 |
| CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal. | Caracteriza suficientemente os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñece os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. | | |
| CA2.8 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia antiga, coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal. | Entende suficientemente a influencia de Roma na conformación da identidade europea. | | |
| CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados. | Compara a forma de goberno nas tres etapas da historia romana. | TI | 50 |
| CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas. | Responde preguntas sobre textos históricos.<br>Elabora a biografía dalgún personaxe romano destacado. | | |
| CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas. | Elabora un informe no que compara os problemas das cidades romanas cos problemas das cidades actuais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos da época antiga, valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia. | Atopa na súa contorna pegadas da civilización romana. | | |
| CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual. | Elabora mapas cos distintos territorios polos que se estendeu Roma na Monarquía, na República e no Imperio. | | |
| CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando. | Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida e entre os gobernos nas etapas da historia de Roma. | | |
| CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade. | Coñece a situación das mulleres e dos escravos en Roma. Desenvolve un espíritu crítico ante situacións de inxustiza e desigualdade. | | |
| CA3.6 - Argumentar e intervir sobre a igualdade real de homes e mulleres actuando en contra de calquera actitude e comportamento discriminatorio por razón de xénero. | Valora de forma crítica a situación da muller na antigua Grecia. | | |
| CA3.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos. | Valora o legado da civilización romana como fonte fundamental para reconstruir o noso pasado e que, polo tanto, compre conservar. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.<br>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.<br>- Violencia e conflitos armados. O crecemento dos exércitos e a evolución do armamento desde os hoplitas. Os civís durante as guerras.<br>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e na Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.<br>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininas na historia. A resistencia á opresión.<br>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.<br>- As raíces clásicas da cultura occidental. A construción das identidades culturais, da idea de Europa, e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte. A influencia das civilizacións xudía e islámica na cultura europea.<br>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións. |

| Contidos |
|---|
| - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.<br>- Interpretación do territorio e da paisaxe. A cidade e o mundo rural ao longo da historia: polis, urbes, cidades, vilas e aldeas. A pegada humana e a protección do patrimonio ambiental, histórico, artístico e cultural.<br>- España e Galicia no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas.<br>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.<br>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.<br>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.<br>- Conservación e defensa do patrimonio histórico, artístico e cultural. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

Pretendemos desenvolver principios metodolóxicos que axuden ó alumnado a partir do que sabe e asumir o seu papel protagonista no proceso de aprendizaxe, a estimular a autonomía académica persoal e a desenvolver fórmulas de aprendizaxe cooperativa. Por iso, pretendemos favorecer o desenvolvemento das capacidades e competencias do alumnado a través da produción e elaboración de contidos e información orixinal ou materiais propios, sempre en colaboración con outros departamentos do centro e a través do uso de ferramentas Tics que permitan ao alumno, tanto de maneira presencial como telemática, dar un paso máis nun proceso de ensinanza aprendizaxe que debe ser entendido como algo global e interrelacionado.
Utilizarase unha metodoloxía variada, que combine métodos dedutivos e métodos indutivos. Os métodos dedutivos empregaranse cando se propoñan actividades nas que sexa necesario consultar diversas fontes de información, nestas actividades é conveniente reflexionar sobre o realizado, recompilar o que se aprendeu e analizar o avance en relación coas ideas previas. Os métodos indutivos serven para motivar ós alumnos mediante pequenos debates ó inicio das unidades, nos que se intentará detectar ideas previas ou preconcepcións dos alumnos como produto da súa experiencia diaria e persoal, ou mediante a elaboración de informes individuais das actividades analizadas co uso de táboas de datos, gráficas, material bibliográfico utilizado e conclusións.
Partirase do nivel de coñecementos do alumnado, para o que se fará unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade, e terase e conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe.
Desenvolveranse metodoloxías activas, nas que o traballo individual e cooperativo estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de materiais en distintos soportes.
Fomentarase a participación activa do alumnado nas actividades propias da materia e nos proxectos de centro, para que os aprendizaxes sexan máis prácticos e duradeiros.
Ao final de cada unha das unidades didácticas propiciarase a reflexión persoal sobre o traballo realizado e os novos coñecementos adquiridos.
Ao longo de todo o curso participarase en diferentes proxectos de investigación, en colaboración con outros departamentos do centro. A realización destes proxectos cumpre unha función educativa importante, xa que habitúa ao alumnado a afrontar e resolver determinados problemas con relativa autonomía, a formular por si mesmos preguntas, adquirir experiencia na busca de información e, ademais, permite un mellor entendemento dun proceso de ensinanza-aprendizaxe que debe funcionar coma un todo, superando as barreiras que separan as distintas materias e evitando que estas sexan consideradas compartimentos estancos.
Os ditos proxectos estarán integrados por distintas tarefas e actividades que o alumnado irá cumprimentando ao longo do curso e, na medida do posible, estarán relacionados con temas atractivos para o alumno (a ser posible do seu entorno habitual) . Serán realizados, preferentemente, en equipo e poñendo a disposición do alumnado os recursos TIC necesarios para a coordinación, comunicación e elaboración do mesmo.
En resumo, a liña metodolóxica que levaremos a cabo implica dar especial importancia a indagación a través do traballo por proxectos, que a través do uso das ferramentas TIC, material e espazos do centro a disposición do alumnado, etc., debe permitir darlle ao estudante a posibilidade de relacionar aspectos/procedementos e contidos de distintas materias, desenvolvendo así as competencias da etapa de maneira holística.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Aula Virtual de EDIXGAL |
| Apuntamentos e material didáctico elaborado pola profesorado que imparta a materia |
| Material didáctico ofrecido polas editoriais do Proxecto Edixgal |
| Fichas fotocopiables |
| Material audiovisual |
| Mapas xeográficos e históricos |
| Novelas históricas, novelas gráficas, comics |
| Fondos da biblioteca do centro |
| Xogos históricos |
| Prensa |
| Material funxible |

Hoxe en día contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.
Empregase material didáctico elaborado polo profesorado ou seleccionado de distintas fontes, que se acomode ás oportunidades que se presenten na aula. Todo o material empregado para as aulas estará dispoñible na materia XEOGRAFÍA E HISTORIA do EDIXGAL, onde tamén se programarán os traballos e actividades (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que terán que realizar os alumnos e alumnas. Así mesmo, a dita plataforma permite á docente deseñar diferentes tipos de tarefas avaliables e perfectamente adaptables aos contidos que se están a impartir e é un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.
O alumnado requirirá dun caderno de traballo onde plasmará as tarefas de xeito ordenado e con boa presentación. Dito cartafol será unha mostra máis do traballo do/a alumno/a e da súa progresión.
No momento actual o manexo das TIC son necesarias pois ofrecen moitas vantaxes pero o docente será selectivo no seu emprego e transmitirá ao alumnado a necesidade do seu uso responsable.
As novelas ou o cine que traten algún dos aspectos do currículo de 1º ESO adoitan ser un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e disponibilidade temporal.
Pode dispoñerse de xogos históricos para ser empregados nalgunha ocasión pois favorecen un bo clima escolar.
Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.
En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa intención de diversificar non só a metodoloxía senón tamén a aprendizaxe individual.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso realizarase unha proba diagnóstica inicial co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas. Así mesmo permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado para, en consecuencia, poder establecer as medidas oportunas para atender á diversidade que nos atopamos na aula. Dita proba consistirá en exercicios orais e escritos relacionados coa materia.
Así mesmo, ao comezo de cada UD farase tamén unha proba de avaliación inicial coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes. Dita proba inicial realizarase axustándose a cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, tormenta de ideas e pequenos debates.
Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información sobre a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais dá pé a definir a didáctica e a metolodoxía para abordar a UD.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| **Unidade didáctica** | **UD 1** | **UD 2** | **UD 3** | **UD 4** | **UD 5** | **UD 6** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **12** | **20** | **18** | **18** | **16** | **16** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | 50 | **50** |

**Criterios de cualificación:**

A avaliación do curso establécese segundo o proceso de avaliación continua e criterios de ponderación a varios niveis. Por unha banda establécese unha ponderación por unidades didácticas, de tal xeito que cada unha delas ten un peso específico no global do curso. Por outra banda os instrumentos de avaliación, probas escritas e táboa de indicadores, réxense por uns criterios de puntuación e así mesmo de ponderación.
O curso de 1º ESO comprende 24 C.A distribuídos e axustados a cada unha das 6 U.D e, nesta programación, o 50% dos criterios de avaliación serán avaliados por medio de probas escritas e o outro 50% mediante táboa de indicadores. Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle daba aos instrumentos de avaliación resultando que as probas escritas é do 50% e o das táboas de indicadores un 50%.
A probas escritas puntuaranse nunha escala de 1 a 10 e consistirán na contestación dunha serie de preguntas de diverso formato, por exemplo, poden ser tipo test; de desenvolver; de relacionar conceptos; de identificar e comentar imaxes; de definir termos; etc. Sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, a puntuación diminuirá en consecuencia cuns criterios obxectivos que o docente debe ter previamente fixados. Finalmente a cualificación do exame será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión.
A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas e aspectos procedimentais que se encomenden ao alumnado que poden ser traballos escritos; informes e redaccións; presentacións en ordenador; cadernos e cartafol; resumos; pósteres; exposicións orais, etc. Para a corrección destes traballos empregaranse as rúbricas adaptadas a cada tarefa entre as que figurará unha que recolla a actitude e implicación do/da alumno/a no traballo, deste xeito considérase o interese como aspecto a valorar. Para as rúbricas establécense os seguintes parámetros: excelente 4; ben 3; regular 2; inadecuado 1, valores cos que logo se extrae a media.
No caso de constatarse que alguén fixo un exame fraudulento (copiar doutro/a compañeiro/a, levar "chuletas", coñecer previamente o exame, cambiar o exame unha vez que este corrixido ... ) terá unha puntuación dun 0 na proba escrita correspondente; o mesmo ocorrería no caso das actividades e traballos (copia de traballos de internet ou de outras persoas do grupo ...).
Nas valoración das probas escritas e dos traballo, ademais dos contidos, terase en conta tamén:

- Corrección, coherencia e adecuación da expresión escrita aos contidos que se pretenden explicar.
- Orde, limpeza e estrutura dos traballos presentado.
- Ortografía correcta.

A nota da avaliación será o resultado de:
Nota avaliación= [ Media Exame + Media rúbricas T.I. ] / 2.
Unha vez realizadas as operacións, a nota media de tódalas avaliacións terá como referente básico o número enteiro da mesma. Nas avaliacións o redondeo cara arriba só se fará no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.
Para calcular a nota media da avaliación ordinaria tómase como referencia a nota exacta con decimais de cada unha das avaliacións, sen redondeo. A cifra resultante redondearase cara arriba no caso de que sexa igual ou superior a 50 centésimas.
Nota final= [Nota 1ª aval. + Nota 2ª aval. + Nota 3ª aval. ] / 3.
Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nunha proba escrita final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1-10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

**Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas competenciais sobre os temas traballados nas unidades da avaliación xunto coa preparación dunha serie de preguntas exame sobre ditos contidos. O docente titorizará este traballo para resolver dúbidas ou/e corrixir aqueles aspectos que sexan precisos. Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre sobre as preguntas propostas polo docente e que foron previamente traballadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor). En relación á parte práctica este deberá ser entregado no prazo indicado e será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media. Para calcular a nota da recuperación considerarase o 50% das probas escritas e o 50% dos traballos e será o resultado de: Nota recuperación da avaliación non superada= [Media Ex. + Media rúbricas T.I.] / 2. Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza no caso de que sexa igual ou superior a 75 centésimas. A avaliación considerarase aprobada cando se obtén 5 ou máis. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación. Todo o traballo será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correcións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva. No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe, adxuntalo de novo.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será convocado polo Xefe de Departamento ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación.
A xefa do departamento monitorizará o traballo deste alumnado e encargarase da preparación das fichas de actividades de recuperación de pendentes, acompañadas do libro correspondente para que o alumnado teña a parte teórica a súa disposición.
O traballo de recuperación consistirá na elaboración dun cartafol de traballo baseado en tarefas a través das cales se traballan as competencias básicas. Ademais disto vai ter que realizar exames escritos sobre preguntas relacionados cos contidos das UD de cada avaliación.
O alumnado será titorizado regularmente, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten.

A entrega do cartafol de traballo e a realización dos parciais será nas datas que determine a Xefe de Estudos.
En virtude de todo isto a cualificación suporá:
50% da nota acadada no exame escrito sobre as preguntas que se lle entregaron e que previamente tivo que preparar.
50% da nota acadada polo traballo realizado cuxa cualificación está determinada polas rúbricas específicas, resultando a media de todas elas.
Para determinar a nota da avaliación ordinaria todas as avaliacións teñen o mesmo peso, farase unha media aritmética das tres avaliacións.
No caso de que o alumno non acadase unha cualificación positiva, tería unha convocatoria extraordinaria en xuño para acadar os mínimos esixibles para superar a materia.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñarase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As ditas medidas danse en dous niveis:
a) No caso do alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerlo máis comprensible. Deste xeito o
alumnado con dificultades pode decatarse dos seus logros e automotivase máis.
b) Ao alumnado de altas capacidades proporcionaránselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un
compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.
As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:
1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - ET.1 - Educación cívico-social | | | X | | | |
| ET.2 - ET.2 - Educación ambiental | X | X | X | | | |
| ET.3 - ET.3 - Educación para a igualdade | | | | X | X | X |
| ET.4 - ET.4 - Emprendemento | | | | X | | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.5 - ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible | X | X | X | | | |
| ET.7 - ET.7 - Educación para a paz | | | | X | X | X |
| ET.8 - ET.8 - Educación para o consumidor | | X | X | | | |

**Observacións:**

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios xeográficos e históricos, etc.
Así mesmo, a comunicación audiovisual dun xeito responsable será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.
O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. No tocante á comunicación terá un maior peso nas unidades que promovan o debate.
O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.
Importante na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica e constitucional que tamén será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia nos traballos, debates, etc.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita a MeteoGalicia | Sesión formativa sobre meteoroloxía e aparellos meteorolóxicos e ó lanzamento dunha radiosondaxe. | | X | |
| Visita ao conxunto arqueolóxico natural de Santomé (Ourense) | Realizarase no terceiro trimestre. A finalidade desta actividade é que o alumnado adquira coñecementos sobre a cultura castrexa e disfrute da experiencia, fomentando actitudes de respecto e valoración do patrimonio cultural e natural. | | | X |

**Observacións:**

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento das ditas actividades:
-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.
Ao longo do curso poderían organizarse outras actividades, que os membros do departamento de Xeografía e Historia considere de interese para o alumnado ao que vai dirixida esta programación.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| Avalía e xulga en función dos criterios da programación |
| Cumpriu co horario de clase |
| Valoración xeral da materia |
| Os obxectivos didácticos están ben formulados |
| A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada |
| A temporalización foi adecuada |
| Metodoloxía empregada |
| É ordenado nas explicacións |
| Explica con claridade |
| Resolve dúbidas |
| Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros |
| Revisa a realización das tarefas propostas |
| Valora o esforzo |
| Sabe dirixir as clases |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros |
| As actividades foron variadas e motivadoras |
| Realizouse a avaliación inicial |
| Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación |
| Os criterios de cualificación foron axustados |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos |
| Demostra coñecemento da materia |
| Planifica leccións, ensina e avalía |
| Emprega variedade de recursos |
| É innovador/a |
| Os contidos e activiades relacionáronse cos intereses do alumnado |

| |
|---|
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofrece oportunidades de recuperación |
| Clima de traballo na aula |
| Crea ambiente de aprendizaxe |
| Motiva ao alumnado |

**Descrición:**

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.
En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.
Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao remate do curso. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.
Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal disponse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.
Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.
Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.
Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados